

Expediente: 39/2025

Asunto: Petición de acceso á información pública

Dirixido a: [REDACTED]

Con data 5 de decembro de 2025 tivo entrada na Universidade de Vigo, a través da plataforma de Información Pública, unha solicitude de acceso á información pública ao amparo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, na que solicita:

"Para descartar situacións de trato desigual ao PTXAS, solicítase a relación de requirimentos formulados pola Xerencia aos xefes e responsables de unidades, incluídos de ser o caso órganos de goberno, en relación coas solicitudes por parte destes de substitución do persoal asignado consonte a vixente RPT, relativos ás tarefas que por tal motivo estiveran pendentes nas respectivas unidades ou outros extremos semellantes, dende o 1 de setembro de 2023 ata a data de entrada desta solicitude"

Unha vez solicitada a información á Xerencia e recibido o informe no que se indica o seguinte:

Primeiro. Sobre o alcance da información solicitada

A petición abrangue un conxunto moi amplo e heteroxéneo de posibles comunicacións: correos electrónicos, observacións verbais, conversacións telefónicas ou indicacións en reunións presenciais. A solicitude pretende acceder a calquera requirimento da Xerencia emitido a responsables de unidades durante máis de dous anos, sen unha delimitación documental previa nin rexistros específicos que agrupen esa actividade interna.

Segundo. Sobre o funcionamento habitual da Xerencia en materia de solicitudes de persoal

Cómpre aclarar que:

- Cando unha unidade solicita persoal, exíxeselle que a petición estea motivada.
- Se a motivación resulta insuficiente, aclárase ao responsable —verbalmente ou mediante un correo— que debe completala.
- Cando a Xerencia dispón dun coñecemento suficiente da necesidade do servizo, non resulta preciso requirir máis motivación.
- Pola contra, cando existen dúbidas sobre a fundamentación, a Xerencia solicita unha motivación máis completa.

Este procedemento é ordinario, proporcional e adaptado á casuística de cada unidade, e non responde a criterios discriminatorios nin diferenciados, senón ao deber de avaliar adecuadamente cada petición.

Terceiro. Inexistencia da documentación solicitada

De acordo coa práctica administrativa, os correos informais, aclaracións verbais, chamadas telefónicas ou intercambios en reunións non se conservan nin xeran un expediente propio.

Unicamente cando unha solicitude de persoal se considera debidamente motivada, iníciase o procedemento formal, incorporando ao expediente a petición completa e motivada que fundamenta a proposta de contratación.

O resto de comunicacións informais non se arquivan, non xeran documento administrativo e, polo tanto, non forman parte da información pública existente no sentido do artigo 13 da Lei 19/2013.

En consecuencia, a Universidade non pode facilitar información que non obra en poder da Administración, tal e como recolle a normativa de transparencia e como esixe o artigo 18 da Lei 19/2013 relativo ás causas de inadmisión por inexistencia ou carácter auxiliar/non formal da información.

Cuarto. Sobre o carácter prospectivo da solicitude

A petición presentada pretende realizar unha análise hipotética sobre posibles situacións de trato desigual, mais non se achega ningún indicio de que tales situacións se teñan producido. A Lei de Transparencia non ampara solicitudes que supoñan a creación de información inexistente nin que teñan un carácter prospectivo ou exploratorio, como recoñecen repetidamente o a Comisión de Transparencia de Galicia.

Á vista do anterior, e consonte ao artigo 18 da Lei 19/2013 e ao artigo 15 do Regulamento de Transparencia da Universidade de Vigo, esta Secretaría Xeral **RESOLVE** que a solicitude non pode ser atendida, por canto:

- a información solicitada non existe en forma documental,
- grande parte das comunicacións teñen carácter informal, non sistematizado e non conservado,
- e non procede crear ex novo información que non forma parte dos arquivos da Universidade.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, previa e potestativamente, reclamación perante a Valedora do Pobo que será resolta pola Comisión de transparencia de Galicia no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

Vigo, a data da sinatura dixital

A Secretaria Xeral